

IV NADA E CORRE DE LUGO

CLASIFICATORIO ZONA 1 + ZONA 2

REGULAMENTO:

• **Organiza:**

- Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial
- Persoa de contacto: Adrián Vázquez Fernández (646609171)
- E - mail: trifluvial@yahoo.es
- Federación Galega de Triatlón

• **Colabora:**

- Concello de Lugo
- Deputación de Lugo
- Secretaría Xeral Para o Deporte
- Universidade Santiago de Compostela
- Gadis

• **Información da carreira:**

- Domingo 3 de decembro de 2023
- Quecemento a partir das 9:00h*
- Natación: 9:45h*
- Carreira a pé: 12:00h*
- Hora de remate das probas ás 14:00h*
- Lugar natación: Piscina Municipal As Pedreiras

- Lugar atletismo: Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera

• **Categorías e Distancias:**

CATEGORIAS	ANOS	NATACIÓN	*HORARIOS	CARREIRA	**HORARIOS
PREBENXAMIN	2016 - 2017*	25 M	09:45	250 M	12:00
BENXAMIN	2014 - 2015	50 M	10:00	500 M	12:20
ALEVÍN	2012 - 2013	100 M	10:15	500 M	12:40
INFANTIL	2011 - 2010	200 M	10:45	1000 M	13:00
CADETE	2008 - 2009	300 M	11:30	1500 M	13:20

* a partir de 6 anos cumpridos

** Horarios aproximados

• **Inscricións:**

Data límite o luns día 27 de novembro de 2023.

- **FEDERADOS:** Formalizarase a través da páxina Web: www.fegatri.org dentro do apartado Competicións / Regulamentos-inscripcións, accedendo á proba de referencia e cubrindo os datos solicitados.

DEPORTISTAS NON FEDERADOS (LICENZA TEMPORAL 1 DÍA):

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno www.fegatri.org no apartado Competicións: Regulamentos/Inscripcións. Picar sobre a carreira e ir á ligazón de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en e formulario de autorización de protección de datos a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma** <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>

Custo licenza 1 día menores: 6 euros.

Cada club deberá designar un **Técnico/Delegado, responsable do Club** fronte a calquera incidencia da competición. **Deberá inscribirse on-line, a través da web da Federación**, cubrindo os seus datos, cun número de teléfono de contacto para poder validar a inscrición do Club na proba.

Para poder validar a inscrición na proba, será **obrigatoria a introdución dos tempos de natación**, na distancia correspondente, para elaboración das series

(minutos e segundos **no formato (0000)**). O tempo introducirase só cos catro díxitos seguidos. **Dous díxitos de minutos e dous díxitos de segundos** a continuación sen ningún tipo de puntuación.

COMUNICACIÓN DE BAIXAS:

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 horas do xoves anterior á proba (1 de decembro). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas economicamente con 2€.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

- **Premios:**

- Medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

- **Cronometraxe**

A cronometraxe será manual nas dúas probas

- **Recollida de dorsais**

Piscina As Pedreiras de 09:00 a 9:30 h o mesmo día da proba

- **Normas de competición**

Cada proba consistirá en nadar e correr. A natación efectuarase en series por categoría e sexo, conformadas en base aos tempos enviados polos adestradores.

Na carreira realizarase unha saída por categoría e sexo saíndo todos á vez. Cando nunha categoría sexan máis de 20 participantes poderá haber unha saída A e outra B con igual número de deportistas, segundo a orde da clasificación da natación.

A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.

A carreira rexerese segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

https://fegatri.org/wp-content/uploads/2023/11/nada_corre_20023.pdf

• **Normas xerais da instalación**

- Será obrigatorio o uso de chancletas en todo momento, non se permitirá acceder á praia da piscina a ninguén que non leve chancletas.
 - É necesario no caso de querer gardar o material nas taquillas do vestiario, dispor dun candado para o seu uso.
 - Ao finalizar a proba os/as nadadores abandonarán a praia da piscina, dirixíndose directamente ao vestiario e posteriormente sairán da instalación.
- Os/as deportistas, en ningún caso poderán quedarse dentro unha vez finalizada a proba de natación da súa categoría.